

CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

20 e 21 de xaneiro do 2018

III TEMPO ORDINARIO



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 3 *Unha xuntanza de amor*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

É certo, e non hai dúbida, que a presenza de Xesús cos seus sentimentos, coas súas palabras, e sobre todo cos seus feitos foi facendo que houbera xente que decidise seguir os seus pasos.

Agora facémolo nós compartindo esta celebración, anunciando un xeito de entendernos con Deus, e facendo vida en comunidade con Xesús. Pero, dende logo, non se trata só de falar, cremos que hai que achegarse á xente, principalmente a aquela que ten a vida máis ameazada por pobrezas, enfermidades, esquecementos ou desesperanzas. A comunidade de Xesús ten que seguir a ser a que quere facerlle a vida máis digna aos demais.

Hoxe, estamos a recibir, a chamada de Xesús, convidándonos porque o tempo está cumprido, e fan falta mans, as nosas.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante A vida de Xesús demóstranos que vale a pena compartir os seus pasos. Coma os apóstolos, queremos anunciar evanxeo, queremos anunciar a Boa Nova, queremos ofrecer as nosas mans porque nos sabemos chamados por Xesús. Pedimos perdón e comprometémonos:

Monitor/a

- Queremos vivir aportando aos demais o mellor de nós mesmos. Señor conta coas nosas mans
- Queremos ser anunciadores de boas novas, queremos ver todo o que de bo hai nas nosas vidas. Cristo conta coas nosas mans
- Queremos ser comunidade que fai crible o evanxeo nas palabras e sobre todo nos feitos. Señor conta coas nosas mans

Celebrante Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, a todos nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior.

(silenzo)

Celebrante

Deus, Noso Pai,
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,
para que, no nome do teu Fillo,
poidamos dar froito abundante de boas obras,
por Cristo, que vive e reina
por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante escoitar agora as lecturas é a nosa resposta á chamada que Deus nos fai. É nosa a responsabilidade de dicirlle ao Señor que pode contar con nós. Ir da man do Señor implica cambiar, implica mellorar, implica dar unha man. Fixémonos sobre todo no evanxeo, porque nas decisións dos discípulos estamos botando a andar coma comunidade de Xesús.

No Leccionario II – B páxina 175

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XONÁS

CANTO Nº 41 ♪ *Quen nos vai separar de ti* **SALMO**

(en pé) *No Leccionario II – B páxina 176* **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO MARCOS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

Celebrante Neste encontro parroquial, da man de Xesús, queremos ser coherentes na fe, queremos dar resposta ao Deus que nos chama porque necesita das nosas mans. Xuntos proclamamos a fe que compartimos.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,
e fogar acolledor para todas as xentes?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o noso irmán,
que fixo vivo o evanxeo,
e que, coma aos apóstolos,
nos chama para facer crible o seu amor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para dar resposta a o Señor
co noso bo facer de cada día?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
comunidade na que todos compartimos
e facemos realidade o Reino de Deus?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante Oremos a Deus Pai, que se achega a nós en Xesús convidándonos a que sigamos o camiño do Reino. Oremos dicindo

Señor, mira polo teu pobo

Monitor/a

1. Pola Igrexa, para que saiba ser no medio do mundo, testemuña do Deus amor e misericordia, tendendo a súa man, aberta e acolledora, oremos.
2. Polas nosas parroquias, para que polos camiños evanxélicos do diálogo e do perdón, da tolerancia e da colaboración, da variedade e do compartir, sexamos quen de superar os atrancos, oremos.
3. Por nós, para que con ilusión e coas redes do amor, da esperanza e do servizo aos irmáns, sexamos ante o mundo mensaxeiros do novo xeito de vida que vén dado pola chegada do Reino, oremos.
4. Por todas as persoas que fan ben na vida, para que na coherencia das palabras e dos feitos nos sigan dicindo que nós podemos facer o mesmo, oremos.
5. Por todas as persoas que malviven sen veren respectada a súa dignidade, oremos.

Celebrante *Escoitamos Pai as túas chamadas, escoita ti as oracións dos que en Ti confiamos. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Entremos no corazón do Deus que é Pai,
deamos resposta á chamada que hoxe Xesús nos
fai, recemos coma El dicindo

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros
expresan a nosa vontade de ser coherentes nos
feitos; con corazón de irmáns e irmás na tolerancia
e na coherencia démonos a paz.

CANTO 🎵 *nº 36* *Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante A mesa da Eucaristía é anticipo da mesa
do Reino; participar nela é comprometer a
vida en construír un mundo que sexa todo el
mesa compartida e casa común. Ditosos nós,
chamados e convidados a compartir este
banquete do Señor.

CANTO 🎵 *nº 50* *Na tardiña baixa da vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, ti que nos alimentaches
co pan da Palabra e co pan da vida,
fai que sintamos sempre a alegría
de participar dos teus dons.
Pedímoscho por Cristo noso irmán,
a Ti que vives e reinas con nós
por sempre eternamente. Amén.

*Xesús convídanos a que nos fíemos de Deus, porque El
é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras
e nos nosos feitos.*

*A comunidade na que hoxe compartimos faise viva e
crible na tolerancia e no respecto seguindo os pasos de
Xesús. El hoxe chámanos e nós damos resposta.*

*Non quedemos calados, e mirando para outro lado, á
hora de facer comunidade botando unha man. Que
coma sempre sexa esta unha semana de proveito na
nosa parroquia de*

Que o Señor nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)